



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten recibido queixas cidadás sobre as consecuencias lesivas que ten a actual normativa estatal do IRPF respecto do tratamento que reciben aquelas persoas que circunstancialmente poidan ter unha retención ilexítima da súa remuneración e a súa posterior restitución, sufrindo un duplo dano. Primeiro, as consecuencias desa retención, segundo, o inxusto tratamento por parte do fisco unha vez esa persoa recupera dita remuneración e tributa pola mesma.

Habida conta destas situacións, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego comparte a visión de que, de acordo coa lei estatal do IRPF, calquera persoa que padeza unha retención ilexítima da súa remuneración pode sufrir un dano económico grave por parte da Administración tributaria, polo que esta norma necesita adaptarse inmediatamente aos parámetros que deben rexer unha sociedade igualitaria e xusta.

Na actualidade, segundo o artigo 14.2 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas os rendementos do traballo percibidos en períodos distintos a aqueles en que foron exixibles impútanse a estes; no entanto, os ‘percibidos por sentenza xudicial impútanse ao momento en que esta adquire firmeza’, o que pode derivar nunha tributación tan desproporcionada coma arbitraria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto o Defensor del Pueblo do Estado español coma o Consello Xeral para a Defensa do Contribuínte tense manifestado diante das queixas formuladas por persoas que se viron prexudicadas, e expresaron neste tema a súa discrepancia co criterio da Administración tributaria. Porén, este continúa sen ser modificado.

Esta situación é contraria aos principios de igualdade que deben rexer as normativas en materia económica e tributaria. A modo de exemplo, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo o coñecemento dun caso no que recuperar os salarios de 14 meses íntegros supuxo que a Axencia Tributaria remitira unha ‘proposta’ de liquidación provisional, relativa ao exercicio en que se restituíron, que incrementaba a bastante máis do dobre a base imponible, co que o saldo para pagar pasaba de 40 a 7.500 € (7.460 € máis). A isto súmanse os xuros de demora e unha sanción próxima aos 2.000 € polo que a persoa afectada se viu obrigada a satisfacer un total próximo aos 10.000 €. A cota pasaba, en números redondos, de 4.600 € case a se cuadruplicar, sen contar os recargos citados.

Isto significou tamén a perda das desgravacións dos exercicios nos que os ingresos permanecían suspendidos, polo que amortizar a totalidade dunha hipoteca que tiña naquel momento esta persoa –vendera a vivenda da súa propiedade para subsistir e pagar unha débeda que non podía afrontar– non xeraba compensación ningunha na cotización.

Este exemplo é indicativo dunha tendencia preocupante, non dun caso illado, polo que as administracións galegas deben actuar e dirixirse ao goberno central para unha corrección que garanta un trato ponderado para todas as persoas que recuperan cantidades atrasadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para resolver esta situación, abonda con eliminar esa discriminación arbitraria respecto de quen recupera dereitos económicos a través dunha sentenza xudicial e quen os goza de forma ordinaria no momento que corresponde.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno central a posta en marcha das medidas necesarias para evitar as situacións de discriminación e disfunción que está a xerar a regulación vixente da imputación temporal de rendas no momento en que unha resolución xudicial adquire firmeza ao amparo do Artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, ao estar a supoñer efectos tributarios contrarios ao principio de igualdade.”

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALÉGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2019 17:33:03

Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2019 17:33:13

Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2019 17:33:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2019 17:33:27

María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2019 17:33:35

Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2019 17:33:42

